



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: cgm/ Acta Pleno/AX/SX/nº 04/2014-03/04/2014

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA Nº 04/2014 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Casa da Cultura

Data: 03.04.2014

Hora de convocatoria: 20.00 h

Hora de comezo: 20.00 h

Hora de remate: 21.05 h

ASISTENTES

Fernando Guitián Guitián (alcalde), presidente
Patricia Durán Pérez (concelleira do grupo municipal do PP), vogal
Jesús Salgueiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Carlos Lameiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Juan Carlos González Camesella (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal
Paula Bouzós Barros (concelleiro da grupo municipal do PP), vogal
Juan Francisco Ferreira González (concelleiro do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal
Ana Isabel Francisco Santos (concelleira do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal
Natalia Sofía Salgueiro Hermida (concelleira do grupo municipal do C.D.L), vogal
José Ignacio Troncoso Quintas (concelleiro do grupo municipal do C.D.L), vogal
Manuel Gómez González (concelleiro do grupo municipal MIXTO), vogal
Xosé Antonio Araújo Quintas (concelleiro non adscrito), vogal
Pauliño del Río Iglesias (concelleiro non adscrito), vogal
María Fátima Rodríguez Áreal (concelleira non adscrita), vogal
María Luisa Tareixa Uxía Varela Nogueiras (concelleira non adscrita), vogal
Emilio Enrique García Crego (concelleiro non adscrito)
Eladio Costas Pererira (concelleiro non adscrito)
Elena Ares Salgado, secretaria acetal. do Concello
Beatriz Isla Carballo, interventora xeral do Concello

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior núm 02/14 de data 06.02.2014.
2. Dar conta da información periódica emitida pola Intervención Municipal ao Pleno, ao abeiro do esixido pola lexislación vixente.
3. Dar conta do escrito remitido pola Subxerencia territorial do Catastro de Vigo comunicando as opcións deste concello para proceder á revisión catastral solicitada polo pleno deste concello
4. Comparecencia do alcalde-presidente.
5. FÓRA DA ORDE DO DÍA. Dación de conta e presentación ao pleno do Plan económico financeiro ano 2014-2015.
6. Fiscalización e control dos órganos de goberno.
 - a. Dar conta das resolucións da Alcaldía dende o número 233/2014 de 22 de xaneiro ata 355/2014 de 10 de marzo.
 - b. Mocións
 - c. Rogos e preguntas

O Presidente declara aberta a sesión ás 20 horas ao atoparse reunidos todos os convocados dende a citada hora de acordo coa relación que figura no encabezamento da presente acta.

1. Aprobación da acta anterior núm 02/14 de data 06.02.2014





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pola Presidencia dáse conta da acta indicada no encabezamento deste punto.

Non producíndose ningunha intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria co seguinte resultado.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a acta da sesión nº 02/14 de data 6 de febreiro de 2014.

2. Dar conta da información periódica emitida pola Intervención Municipal ao Pleno, ao abeiro do esixido pola lexislación vixente.

Dáse conta do informe de data 31.03.2014 remitido pola Intervención Municipal ao Pleno da Corporación en cumprimento do previsto no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Dito informe presenta o seguinte contido:

- a) Informe-resumo das resolucións de Alcaldía adoptadas contrarias aos reparos efectuados
- b) Execución do orzamento de gastos no exercicio corrente
- c) Execución do orzamento de ingresos no exercicio corrente
- d) Movemento e situacións Tesourería

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

3. Dar conta do escrito remitido pola Subxerencia territorial do Catastro de Vigo comunicando as opcións deste concello para proceder á revisión catastral solicitada polo pleno deste concello

Dáse conta do escrito remitido pola Subxerencia do Catastro de Vigo, de data 07.02.2014, en contestación ao escrito recibido o 30 de decembro de 2013 polo que o Pleno da Corporación municipal de Gondomar acorda solicitar da Dirección Xeral do Catastro a Revisión catastral do Concello de Gondomar co obxecto de adaptalo á necesidade urbanística actual derivada da anulación do PXOM no ano 2005 por sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Sr. alcalde: Dáse conta deste escrito que se presentou na Xunta de Voceiros, como nesa xunta non tomamos ningunha decisión convocarei outra Xunta de Voceiros para a semana que vén para volver a tratar este tema, agora temos algúns datos que nesa Xunta había quen dicía que era bo ter datos, xa conseguín os datos, fixérono no Departamento de Urbanismo, e espero que nesa Xunta de Voceiros tomemos unha decisión ao respecto.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

4. Comparecencia do alcalde-presidente.

Sr. alcalde: Con respecto á denuncia por presunto delito de prevaricación administrativa. Os feitos, en data setembro de 2013 o concelleiro Paulinho Damián del Río Iglesias fai unha comparecencia ante a Fiscalía de Vigo ante posibles irregularidades na contratación do servizo de xardíns, posteriormente a Fiscalía solicita deste Concello a remisión de facturas correspondentes a sociedades Simón Xardíns, Move Servizos Múltiples, Jarma e Quintas Gondomar, toda esta documentación entraselle dende o Concello e posteriormente en data 20



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

de xaneiro de 2014, o Ministerio Fiscal presenta denuncia pola comisión de presunto delito de prevaricación contra min mesmo, Fernando Guitián Guitián, alcalde de Gondomar, por este feito de posible irregularidade na contratación das empresas de mantemento de xardíns, (o alcalde pide silencio). Desta denuncia chégame unha citación como imputado pola que teño que ir declarar ao longo deste mes, igual que o denunciante e igual que persoas vencelladas ou responsables das empresas tanto Movex, como Simco, como Jarma, antes declarara xa o que fora interventor deste Concello, Juan Sánchez González, dado que é o responsable dos informes de Intervención. Dentro destes informes de Intervención, de varios dos que fixo este interventor, efectivamente hai reparos ao pago destas diferentes facturas, eses reparos é algo que contempla a Lei e a normativa e hai levantamento deses reparos pola miña parte como órgano competente para este fin. Bueno, estes son os feitos, en canto ao que eu teño que dicir, en principio considero que non cometín ningún delito, que se existe algún tipo de irregularidade administrativa será o xuíz o que determine o alcance desta e a responsabilidades que para min iso conleve e que o feito dos reparos por parte de Intervención e o levantamento dos reparos que é práctica administrativa e que se efectivamente ese feito ten algún tipo de irregularidade será, como xa dixen antes o xuíz o que determine o alcance da mesma. En canto á contratación, este Goberno, como norma xeral, por suposto sempre atendendo á legalidade, procuramos contratar empresas, ou asociacións, ou centros, ou profesionais, ou institutos, etc., vencelladas, sempre con respecto á legalidade, vencelladas co ámbito xeográfico do noso pobo ou do entorno máis cercano para que dalgún xeito o traballo que no Concello se dá quede ou se retorne para esas empresas, esas asociacións, etc., dentro do noso ámbito xeográfico, se esa contratación ten algún tipo de irregularidade administrativa tamén será o xuíz o que determine o alcance da mesma e as responsabilidades que para min se determinen nese momento. E eso é o que considero que debo dicir e todo o que podoo dicir na miña comparecencia, se alguén quere facer algún comentario ao respecto, ten a palabra.

Ningún concelleiro da Corporación solicita a palabra nesta comparecencia do Sr. alcalde.

5. FÓRA DA ORDE DO DÍA. Dación de conta e presentación ao pleno do Plan económico financeiro 2014-2015.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Sra. Salgueiro: Boas tardes, hoxe traemos aquí a presentación dun Plan económico financeiro para os anos 2014-2015, primeiro procederei a explicar a grandes rasgos en que consiste este Plan económico financeiro, é importante dicir que só se trata da presentación dun documento, que é un procedemento que esixe a Lei e pode ser asimilable a unha dación de conta, neste momento aquí non será susceptible de ningún tipo de ditame nin votacións, repito, só é unha especie de dación de conta que serve para que todos nós a partir de hoxe mesmo teñamos á nosa disposición este documento, poidamos estudalo, presentar suxerencias antes de traelo ao pleno para a súa aprobación. O Plan económico financeiro formulado por este Concello véndese dando para dar cumprimento ao esixido na Lei 2/2012 de 27 de setembro de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, esta Lei, no seu artigo 21, establece que no caso de que a administración, neste caso o Concello incumpra o obxectivo de estabilidade financeira, o obxectivo de débeda pública ou a regra de gasto, deberá elaborar un Plan económico e financeiro para o ano en curso e o seguinte, que recolla medidas que permitan volver a estar nos termos de obxectivos cumpridos. Como todos tivestes xa ao voso dispor o Pleno do mes de marzo, presentouse a liquidación do Orzamento 2013, deuse conta ao Pleno desa liquidación e aí dábase conta de que arroxaba datos de incumprimento de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto. O artigo 24 da mesma Lei, a 2/2012, recolle cal é o procedemento, cal é a tramitación do seguimento dos plans económico financeiros, establece que o plan económico financeiro deberá presentarse ao pleno no prazo dun mes desde que se constata o incumprimento, como xa comentei, no noso caso foi no Pleno do pasado mes de marzo e será o pleno en dous meses máis quen ten a competencia para poder aprobalo. O





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

incumprimento desa presentación e da aprobación deste plan será unha causa de infracción se non se tramita nos termos que establece a Lei. Ides comprobar que é un traballo extenso, moi detallado, cun laborioso traballo e que, bueno, ata a data de hoxe non tivemos forma de presentalo, repito, a Lei establece un mes a partir de que constata o incumprimento que foi no pasado pleno do mes de marzo. Hoxe traemos aquí unha copia en papel e se se acepta a urxencia, se se ratificaca na orde do día será distribuído entre os diferentes grupos. Repito, a urxencia vén dada polo cumprimento da Lei 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Sr. alcalde: Grazas, é por esta razón que, co obxecto de non demorar máis o prazo porque a elaboración dese documento levou todo este mes e queremos incluír como dación de conta o Plan económico financeiro nesta orde do día e pedimos o voto para a ratificación da inclusión deste asunto. Non sei se quedou claro.

Sr. Ferreira: Boas tardes a todos. A verdade a min non me quedou claro se me podía, ao mellor é un problema de entendemento, de concepto meu, podía dicirme que é o que pretendemos aprobar con urxencia.

Sr. alcalde: Imos ver, hoxe tiñamos que traer aquí, escrito na convocatoria a dación de conta, o punto e), dación de conta do Plan económico financeiro para os anos 14 e 15 deste Concello, é unha obriga do Estado. Como non deu tempo a telo cando se fixo a convocatoria por iso o traemos agora fóra da orde do día e temos que votar a ratificación para incluílo, só é unha dación de conta, logo temos dous meses para aprobalo que ten que ser este órgano, o Pleno para quen é competente para aprobalo ou non aprobalo, agora simplemente é dación de conta, o Plan económico está aquí pero non o puxemos porque ese día que fixemos a convocatoria non estaba, entón pedimos o voto da ratificación da inclusión deste punto de dación de conta do Plan económico financeiro na orde do día. Quedou claro agora?, votemos pois.

Sr. del Río: Boas tardes, hoxe vai serme un pouco complicado explicar pero vouno intentar. Dende logo, Sr. alcalde, ineficacia, incompetencia son dende sempre os seus dous distintivos, ineficacia e incompetencia, pleno tras pleno, actuación tras actuación. Resulta canto menos sorprendente, non vou a dicir outra palabra, sorprendente, que en palabras da concelleira de Economía e Facenda nos relate unha serie de artigos da Lei 2/2004 para xustificar unha urxencia e dá na súa esquemática argumentación, que ten que traer unha dación de conta por lei porque creo recordar, o artigo 24, ou o 21, lévalle a facelo cando se dan conta que no prazo dun mes do incumprimento, entendo eu, do incumprimento da regra do gasto ou da estabilidade orzamentaria, ten coñecemento este Goberno, permítanme que o chame goberno porque a banda, porque é o único que podo dicir, a banda que nos desgoberna (non hai calidade de son suficiente para poder entender as palabras do Sr. del Río). Creo recordar que aquí xa había un Plan económico e financeiro que aprobou este Pleno, non se está cumprindo, vostedes o saben porque eu o sei, un Plan económico e financeiro que se aprobou aquí, feito da maneira que se fixo, incumprindo, poñendo unha serie de ingresos e gastos que xa naquel momento dixemos o que había, e que vostedes incumpriron por activa e por pasiva, e que repetidos informes de Intervención deste Concello, vai dende aquí o meu recoñecemento polo traballo que está facendo Intervención dende hai polo menos, dende que se incorporou a ese posto a interventora actual, un traballo realmente encomiable, (...). Neses informes que se fan e que se levan ao pleno por primeira vez neste mandato, que nunca se fixo (...), hai meses que se sabe a situación do Concello, non dende que se deu conta da liquidación do orzamento, non, non, moito antes, moito antes se sabía cal era a situación económica deste Concello, e sen embargo vostedes non fixeron nada, polo tanto que nos pretenda traer agora aquí un tema como este para unha dación de conta, gustaríame saber por exemplo, ese traballo que seguro que é un traballo que a concelleira, a Sra. Natalia Salgueiro dixo que era un traballo laborioso, estou seguro, laborioso e incluso me atrevería a dicir e rigoroso, de que documento estamos a falar, porque seguro que é un documento exhaustivo e con bastantes páxinas, e eu pregunto,



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

estamos a día 3 de abril, o que vostedes trouxeron a este pleno ordinario xa o acabamos de ver, xa o acabamos de ver, ben puideron facer vostedes, falar unha vez máis, falar cos voceiros que están todos presentes, dicirles o que hai, mira, estamos pendentes de que a Sra. interventora, de que Intervención está acabando a elaboración isto, moi ben, se trae, se fala, se distribúe, se fan as cousas como hai que facelas, traer un plan económico financeiro coas consecuencias de todo calibre, de todo calibre, que para todos, tanto para a administración municipal, no seu capítulo de gastos e ingresos e a súa disposición de gasto como para a cidadanía que lle vai repercutir deste Concello, traelo por urxencia indica ben ás claras o que hai, por certo, non é a primeira vez, nin a segunda nin a terceira que se lle di isto nun Pleno, que trae vostede asuntos de calado por urxencia sen falar cos voceiros e faltándolle ao respecto a todo o mundo, respecto institucional, que é do que estamos falando, xa non vou dicir do respecto político que cada un terá o que considere oportuno ter, polo tanto, mire, a urxencia non a vexo, o incumprimento do famoso mes está feito polo tanto nós nestes momentos imos solicitar un receso para falalo no grupo e decidir que facer pero dende logo non miramos, dende logo, e esta é unha opinión persoal visto o visto que hai aquí para votarlle a prol desta urxencia, grazas.

Sr. alcalde: Imos ver, non se levou á Xunta de Voceiros, non tivemos unha Xunta de Voceiros porque cremos que se chegaba a tempo, contabamos que se chegaba sen problema a tempo para incluílo na convocatoria se non houberase dito alí perfectamente, incluso non tiñamos claro se había que facer un ditame ou non facelo, estabamos consultando naqueles días tanto coa Interventora como coa Secretaria e non estaba claro pero bueno, por fin quedou claro que non había que facer ningún ditame, entón por iso non se comentou na Xunta de Voceiros, se non teríase comentado. O Plan o único que facemos e dar conta de que está feito, agora temos dous meses para aprobalo, e é o Pleno o órgano competente para aprobalo, o prazo para telo feito e presentalo, é dicir, que se vai a levar ao pleno en dous meses remata o día 6, por iso tráese por urxencia, pídesse a este Pleno que se vote a ratificación para incluílo na orde do día, que remata o día 6, é dicir, estamos en tempo e forma. Adiante co receso entón.

Transcorridos 5 minutos de receso sómese a votación a ratificación da inclusión na orde do día do Plan económico financeiro 2014-2015.

VOTACIÓN RATIFICACIÓN INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e co seguinte resultado: (08 votos a prol: 06 do Grupo municipal do PP, 02 do Grupo municipal do CDL; e 09 abstencións: 02 do Grupo municipal do PSOE, 01 do Grupo mixto e 06 dos/as concelleiros/as non adscritos/as), non acada a maioría absoluta que esixe o artigo 83 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, para aprobar a inclusión na orde do día deste Pleno da dación de conta do Plan económico financeiro 2014-2015.

O alcalde explica que se precisa maioría absoluta, non chega con maioría simple para ratificar a urxencia. Acorda un novo receso e seguidamente somete novamente a votación a ratificación anterior co obxecto de obter a maioría absoluta prevista no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais. Acádase o mesmo resultado.

6. Fiscalización e control dos órganos de goberno.

- a. **Dar conta das resolucións da Alcaldía dende o número 233/2014 de 22 de xaneiro ata 355/2014 de 10 de marzo.**




CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

En cumprimento do disposto no art. 33 do Regulamento Orgánico deste Concello, dase conta das Resolucíons adoptadas por esta Alcaldía no ano 2014 dende o:

- 233/01/14**, de 22 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo do gasto establecido na relación nº 17.
- 234/01/14**, de 22 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a Nómina do mes de decembro correspondente a traballadora Dna. M^a Jesús González Alonso.
- 235/01/14**, de 24 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo do gasto establecido na relación nº9.
- 236/01/14**, de 27 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo do gasto establecido na relación nº 18.
- 237/02/14**, de 12 de febreiro de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal. Exp. 11S/14.
- 238/02/14**, de 12 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para apertura de Furancho en Pintor, 18 A, Chaín. Exp. 11375.
- 239/02/14**, de 12 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Solicitude de Ricardo Cagiao Barreiro e Mercedes Devesa Barreiro de suspensión do procedemento de execución forzosa da orde de demolición. Exp. 102/2000.
- 240/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal. Exp. 12S/14.
- 241/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal. Exp. 13S/14.
- 242/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Aurelia Cuquejo Barrazal mantemento de muro de contención en Cruceiro-Borreiros. Exp. 69/2012.
- 243/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para apertura de furancho en Area, 31, Peitíeiros. Exp. 11345.
- 244/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para apertura dun furancho en Pegonegro, 11, Vincios. Exp. 11253.
- 245/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a M^a Concepción Varela Ibañez para limpeza de parcela e poda de polas en Peroleira, Peitíeiros. Exp. 167/2008.
- 246/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza para apertura de furancho en Casás, Vincios. Exp. 11100.
- 247/02/14**, de 13 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación da relación dos documentos xustificativos do gasto n.º 15.
- 248/02/14**, de 14 de febreiro de 2014, Resolución relativa a convocatoria sesión ordinaria da XGL núm. 03/14.
- 249/02/14**, de 14 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución para limpeza de parcela sita en Portavedra, Mañufe. Exp. 64/2013.
- 250/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución para limpeza de parcela e poda de polas de finca sita en Peroleira, Peitíeiros. Exp. 116/2012.
- 251/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requirimento de documención en expediente de solicitude de licenza de obra maior para legalización de vivenda, execución de cuberta e demolición de galpón en Fraga, Vincios. Exp. 11418.
- 252/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a orde de execución para corta de polas de carballo dunha finca sita en fonte peitíeiros. Exp. 040/2013.
- 253/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Rectificación de erro advertido en Resolución de Alcaldía do día 7 de febreiro de 2014. Exp. 106/2013.
- 254/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal laboral do Concello.







Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- 255/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal funcionario do Concello (Elena Ares Salgado).
- 256/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal funcionario do Concello (Pedro Pena Martínez, decembro).
- 257/02/14**, de 17 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Horas extras realizadas por persoal funcionario do Concello (Pedro Pena Martínez, febreiro).
- 258/02/14**, de 18 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación Lista Provisional de Camparsas admitidas para participar no Desfile de Camparsas e Carrozas de Entroido 2014. Exp. F 02/2014-B.
- 259/02/14**, de 18 de febreiro de 2014, Resolución relativa a inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Feito. (15-14).
- 260/02/14**, de 18 de febreiro de 2014, Resolución relativa a inscrición no Rexistro Municipal de Parellas de Feito. (17-14).
- 261/02/14**, de 18 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Retirada vehículo da vía pública. Exp. 154/11.
- 262/02/14**, de 18 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Arquivo actuacións expediente 17/2013. Exp. 17/2013.
- 263/02/14**, de 18 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Arquivo actuacións exp. 005/2014.
- 264/02/14**, de 19 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requirimento de emenda de documentación a Jose María Letamendía Navarro. Exp. 18/14.
- 265/02/14**, de 19 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requirimento de emenda de documentación a Ana María Lago González. Exp. 13/14.
- 266/02/14**, de 19 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Solicitud de subvención á Deputación Provincial para financiamento dos servizos sociais comunitarios e do SAF. Exp. 04/14BS.
- 267/02/14**, de 19 de febreiro de 2014. Resolución relativa a Adhesión ao Plan de cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercizo 2014 da Deputación de Pontevedra. 04/14BS.
- 268/01/14**, de 30 de xaneira de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000982 12.02.14.
- 269/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 2/2014 na modalidade de Xeración de Créditos.
- 270/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 3/2014 na modalidade de Xeración de Créditos.
- 271/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 4/2014 na modalidade de Xeración de Créditos.
- 272/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Convocatoria da Comisión Informativa Permanente de Economía e Facenda do Concello n.º 03/14.
- 273/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal, Exp. 14S/14.
- 274/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Programa de acción municipal Deputación Provincial de Pontevedra. Sección actividades 2014, Escola teatro/2014.
- 275/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Programa de acción municipal Deputación Provincial de Pontevedra. Sección actividades 2014, Campamento de inglés/2014.
- 276/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Execución da sentenza núm. 273 (po 59/2009) do Xulgado do Contencioso Administrativo Núm. 1 de Vigo mediante requirimento a Susana Gómez Viéitez para suspensión inmediata dos actos de incremento de altura e apertura de novas fiestras en vivenda sen axustarse a licena e incoación expediente de reposición da legalidade.
- 277/02/14**, de 20 de febreiro de 2014, Resolución relativa a admisión no sementeiro de empresas sito no Centro Neural do Concello de Gondomar.
- 278/02/14**, de 21 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Modificación de Créditos n.º 5/2014 na modalidade de incorporación de remanentes.






Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontavedra)

279/02/14, de 21 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios a persoal laboral do Concello.

280/02/14, de 21 de febreiro de 2014, Decreto relativo a pagamento por gasto de locomoción efectuados por Dna. Clara González Martínez.

281/02/14, de 21 de febreiro de 2014, Resolución relativa a orde de execución con carácter de urxencia a M^a Purificación Vázquez Lorenzo e cinco persoas máis para limpeza parcela, tala e poda de árbores con perigo de caída en fincas sitas en San Cibrán, Donas. Exp. 86/2013.

282/02/14, de 21 de febreiro de 2014, Resolución relativa a subsanación de solicitudes de Juan Carlos Buján Lamas de licenza de 1^a ocupación. Exp. 11560.

283/01/14, de 27 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 23.

284/01/14, de 27 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 24.

285/01/14, de 27 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 25.

286/01/14, de 27 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 26.

287/01/14, de 27 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 27.

288/01/14, de 27 de xaneiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 28.

289/02/14, de 18 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación do gasto de Axuda de Emerxencia Social para a adquisición dunha lavadora e unhas gafas. Exp. 03/2014.

290/02/14, de 24 de febreiro de 2014, Resolución relativa a acta da Comisión de valoración das Axudas municipais para comedor escolar.

291/02/14, de 24 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Convocatoria de sesión extraordinaria da comisión paritaria mixta de control e seguimento do acordo regulador das condicións de emprego dos funcionarios e do convenio colectivo das condicións de emprego do persoal laboral relativa ao Fondo Social.

292/02/14, de 24 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Requirimento de emenda da documentación a presentar por Juan C. Fernández Bas de declaración responsable. Exp. 11558.

293/02/14, de 24 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Carmen Girández Barreiro para corta de polas de carballo dunha finca sita en San Cibrán, Donas. Exp. 009/2013.

294/02/14, de 24 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Esther Villar Gándara para limpeza e retirada de todos os enseres dunha finca sita na estrada de Vilaza a Nigrán PO-331. Exp. 95/2013.

295/02/14, de 24 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Orde de execución a Francisco Javier Gil González para limpeza de parcela sita en Bandeira, Borreiros. Exp. 98/2013.

296/02/14, de 24 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Distribución do complemento de produtividade do persoal funcionario.

297/02/14, de 25 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación Lista definitiva de comparsas admitidas para participar no Desfile de comparsas e carrozas de entroido 2014.

298/02/14, de 25 de febreiro de 2014, Decreto relativa a pagamento de gastos de locomoción efectuados por D. Juan C. González Camesella.

299/02/14, de 25 de febreiro de 2014, Decreto relativa a pagamento de gastos de locomoción efectuados por D. Carlos Lameiro Pérez con motivo da súa asistencia a Xestur e a Patrimonio.

300/02/14, de 25 de febreiro de 2014, Decreto relativa a pagamento de gastos de locomoción efectuados por D. Carlos Lameiro Pérez con motivo da súa asistencia a Eptisa.

301/02/14, de 25 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación do gastos de Inspección técnica dos vehículos con matrícula 7224 DNL, PO 5831 BB e da pala con matrícula PO 51921VE de Vías e Obrás.






Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- 302/02/14**, de 25 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación do gasto de Axuda de emerxencia social para pago de facturas de Gas Nautral Fenosa e Butano.
- 303/02/14**, de 25 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Aprobación do gasto de Axuda de emerxencia social para adquisición de alimentos.
- 304/02/14**, de 26 de febreiro de 2014, Resolución relativa a recoñecemento de trieneios ao persoal laboral do Concello, Dna. M^a Carmen González Granja.
- 305/02/14**, de 26 de febreiro de 2014, Resolución relativa a recoñecemento de trieneios ao persoal laboral do Concello, Dna. M^a Carmen Rodríguez Pérez.
- 306/02/14**, de 26 de febreiro de 2014, Resolución relativa a nomeamento de tesoureiro accidental.
- 307/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Compromiso do Concello de Gondomar a realizar a instalación vencellada á subvención solicitada para proxectos de aforro e eficiencia enerxética (fondos FEDER-GALICIA 2007-2013) exercizo 2014.
- 308/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a relación de nóminas do mes de febreiro dos empregados públicos.
- 309/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a acta da Comisión de valoración das axudas municipais para comedor escolar.
- 310/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Convocatoria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos do Pleno e seguemento Organos de Goberno núm. 04/14.
- 311/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001168 19.02.14. Suxeito Pasivo: M^a Patricia Costas Dopazo.
- 312/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001168 19.02.14. Suxeito Pasivo: Acrlos Alberto Costas Dopazo.
- 313/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001168 19.02.14. Suxeito Pasivo: María Pilar Costas Dopazo.
- 314/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001168 19.02.14. Suxeito Pasivo: María Dopazo Sánchez. por finca emprazada en c/ Manuel Alonso, n.º 10, Dereito: usufructo.
- 315/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001168 19.02.14. Suxeito Pasivo: María Dopazo Sánchez, por finca emprazada en c/ Manuel Alonso, n.º 10, Dereito: pleno dominio.
- 316/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001231 21.02.14.
- 317/02/14**, de 28 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local núm. 04/14.
- 318/02/14**, de 28 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001276 26.02.14. Suxeito Pasivo: Javier Borrajo Sequeiros.
- 319/02/14**, de 28 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001276 26.02.14. Suxeito Pasivo: Pablo Borrajo Sequeiros.
- 320/02/14**, de 28 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001276 26.02.14. Suxeito Pasivo: Javier Borrajo Sequeiros.
- 321/02/14**, de 28 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 001276 26.02.14. Suxeito Pasivo: Pablo Borrajo Sequeiros.
- 322/02/14**, de 28 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación da liquidación do Orzamento Xeral de 2013. Exp. 143AF/13.








Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

- 323/02/14**, de 26 de febreiro de 2014, Resolución relativa a Recoñecemento de trienios ao persoal laboral do Concello.
- 324/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 38.
- 325/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 39.
- 326/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 40.
- 327/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 41.
- 328/02/14**, de 27 de febreiro de 2014, Resolución relativa a aprobación do documento xustificativo de gasto establecido na relación n.º 42.
- 329/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal do Concello núm. 03/2014.
- 330/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a Liquidación do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Exp. 000722 03.02.14.
- 331/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a Aprobación do gasto de Axuda de Emerxencia social para a adquisición de gafas graduadas. Exp. 07/2014
- 332/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a aprobación do gasto de Axuda de emerxencia social para a adquisición de gafas graduadas e 5 mensualidades curso de Graduado en Secundaria. Exp. 08/2014.
- 333/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal. Exp. 15S/14.
- 334/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución da proposta realizada dende a Concellería de Benestar Social para aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación "3ª Juventud" e aprobación do gasto.
- 335/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a Autorización ao concelleiro D. Carlos Lameiro Pérez para persoarse perante a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Consellería de Turismo Patrimonio e Cultura na sesión de data 4 de marzo de 2014.
- 336/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a solicitude de anticipo da nómina dos mes de marzo da funcionaria Mª Dolores González Agustíño.
- 337/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal funcionario do Concello.
- 338/03/14**, de 3 de marzo de 2014, Resolución relativa a Concesión ou denegación de permisos, licenzas ou vacacións a persoal laboral do Concello.
- 339/03/14**, de 4 de marzo de 2014, Resolución relativa a Nova convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local núm. 04/14.
- 340/03/14**, de 4 de marzo de 2014, Resolución relativa a Convocatoria da Comisión paritaria mixta de control e seguimento do acordo regulador das condicións de emprego dos funcionarios e do convenio colectivo das condicións de emprego do persoal laboral reativa ao Fondo Social.
- 341/03/14**, de 4 de marzo de 2014, Resolución relativa a Solicitude de devolución de ingresos indebidos de D. Agustín Rodríguez Domínguez.
- 342/03/14**, de 4 de marzo de 2014, Resolución relativa a Arquivo actuacións expediente 34/2013.
- 343/03/14**, de 4 de marzo de 2014, Resolución relativa a Requirimento de documentación en expediente de solicitude de licenza de obra menor para colocación de cobertura en Pedrouco, Chaín, Gondomar. Exp. 11527.
- 344/02/14**, de 4 de febreiro de 2014, Resolución relativa a horas extras realizadas por persoal laboral do Concello.
- 345/03/14**, de 5 de marzo de 2014, Resolución relativa a Aprobación do expediente de contratación, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria para o servizo de Mantemento e conservación das zonas verdes arboradas e xardíns públicos do Concello. Exp. C187/10.



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

346/03/14, de 5 de marzo de 2014, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 20.

347/03/14, de 5 de marzo de 2014, Resolución relativa a Aprobación da relación dos documentos xustificativos de gasto n.º 19.

348/03/14, de 6 de marzo de 2014, Resolución relativa a Levantamento da suspensión provisional da execución do contrato relativo á obra "Ampliación de saneamento na parroquia de Couso, Peitieiros, Gondomar e outros" e continuación do procedemento. Exp. 21/11.

349/03/14, de 6 de marzo de 2014, Resolución relativa a Arquivo actuacións expediente 80/2013. Exp. 80/2013.

350/03/14, de 6 de marzo de 2014, Resolución do expediente de responsabilidade patrimonial nº 178/10 incoado a instacia de D. Diego Martínez Camesella.

351/03/14, de 7 de marzo de 2014, Resolución relativa a Requirimento de emenda da certificación de obra núm. 2 da Obra de adecuación do Auditorio Municipal. Exp. 81/13.

352/03/14, de 7 de marzo de 2014, Resolución relativa a Arquivo Actuacións Expedientes 57/2009.

353/03/14, de 10 de marzo de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal. Exp. 16S/14.

354/03/14, de 10 de marzo de 2014, Resolución relativa a autorización uso ben municipal. Exp. 17S/14.

355/03/14, de 10 de marzo de 2014, Resolución relativa a solicitude de ampliación de prazo para presentación de documentación. Exp. 11253.

O Pleno da Corporación municipal queda informado.

b. Mocións

6.b.1. Moción relativa a revisión dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas que regulan a contratación do servizo de mantemento e conservación das zonas verdes, arborado e xardíns públicos polo procedemento aserto e tramitación ordinaria.

Sr. Araujo: Graza alcalde, boa tarde. Ben, eu non sei se antes de debater esta moción necesitaría que vostede nos aclarase algo ao respecto porque eu hoxe pola mañán sobre este asunto é que vostede vai retirar o tema das bases para o concurso de adjudicación dos xardíns, eu lino na prensa, iso é certo?

Sr. alcalde: Si, efectivamente, está publicado na web do Concello.

Sr. Araujo: Na web do Concello, pero cando o publicaron, onte?

Sr. alcalde: Onte.

Sr. Araujo: Onte, bueno, eu non teño o, non sei se o bo costume ou o mal costume de revisar a páxina web do Concello todos os días, como vostede comprenderá eu a noticia que si teño é pola prensa onde vostedes retiraban estes pregos de condicións para a contratación do tema da xardinería. Ben, eu vou retirar a moción, retiro a moción porque non ten sentido, de todas maneira queríalle dicir, para que non se volva a repetir esta desfeita que vostedes presentaron de bases e de pregos de condicións, que por favor revisen as cousas e fagan as cousas ben, e que volvemos ao mesmo, logo lles parece mal que lles votemos en contra ou nos abstemos, cando isto é algo, en fin, eu cando me puxen a ler estas bases francamente ía de asombro en asombro, e xa non entro incluso, fíxese vostede, nas faltas de ortografía que ten isto, que eu na miña vida vin texto con tantas faltas de ortografía, mire o que lle digo, incluso hai partes que están en español, outras en galego e outras en chapurreado que non sei xa que idioma é, por favor fagan ben as cousas e dende logo fagan uns pregos de condicións adaptados a un



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

concello como Gondomar porque claro, eu aquí ler que hai que poñer flores na semana santa, home eu non sei se isto o farán en Sevilla para os pasos que salen por aí que adornan todo por parte do Concello, ou poñer flores no Nadal nas fontes públicas do Concello, supoño que isto o farán, non sei, digo eu, na Fonte da Cibeles ou non sei, por aí, en Gondomar non temos diso Sr. alcalde, hai que ler as cousas que se asinan que para iso teñen vostedes un Goberno con 6 adicacións exclusivas, fagan o favor de facer ben as cousas é a súa responsabilidade, ou o tratamento das pradeiras, vostede sabe que en Gondomar a maior parte das pradeiras que temos son pradeiras naturais, claro, segundo isto que pon aquí, o isto o colle unha multinacional que dubido que a colla ou calquera empresa pequena do Concello que queira acollerse a isto é imposible este tratamento con estes cartos, por non falar da subrogación dunha persoa que hai que incluír e eu entendo que iso requirirá tamén unha revisión do orzamento, verdade?, de todo iso, por favor fagan ben as cousas, estuden ben as cousas, fagan un prego de condicións adaptado ao noso Concello, que non creo que sexa moi complicado e sáqueno a exposición pública como é debido, eu retiro a moción pero quero lembrarlle esa cuestión.

Esta moción queda retirada polo concelleiro D. Antonio Araujo Quintas por mor da suspensión cautelar do procedemento de contratación do Servizo de mantemento e conservación das zonas verdes, arborado e xardíns públicos por Resolución de Alcaldía de data 02.04.2014.

6.b.1. Permisos de corta a particulares.

Antonio Araújo Quintas, veciño de Gondomar con domicilio na Avda. do Conde nº21, e DI nº36.032.724G, na súa condición de concelleiro membro do grupo nacionalista da Corporación Municipal de Gondomar, presenta ao Pleno para o seu debate e, aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:

PERMISOS DE CORTA A PARTICULARES.

Que Gondomar é un Concello onde a superficie forestal ocupa a maioría do seu territorio, é unha evidencia. Que a importancia deste sector primario, e máis que o podía ser se estivese correctamente organizado, tampouco ofrece dúbidas. Que unha parte importante desa superficie forestal é de propiedade privada, só hai que velo no parcelario de rústica, etc.

Pois ben, o que en tempos foi unha fonte de ingresos para moita xente: cortar e vender a madeira para atender a cuestións básicas ou de primeira necesidade como pagar os impostos, pagar o médico e as medicinas ou, mesmo o aproveitamento do toxo para as cortes, ou a leña para as casas, hoxe por mor da crise moitos propietarios deses montes que durante anos tivéronos abandonados, volven botar man deles e da súa madeira para atender emerxencias e cubrir necesidade coma no pasado.

A cuestión é que as leis cambiaron e os controis e a burocracia, que sempre lle afectan aos máis débiles, fan que para cortar un eucalipto para leña ou uns eucaliptos para vender, os propietarios teñan que se desprazan a Toriño ou ao Porriño (ás Demarcacións Forestais do Baixo Mifio ou de Vigo nº2 respectivamente) para sacar a correspondente autorización. No



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

Porriño só poden ir os martes de 9,30hs a 12hs e en Tomiño os mércores e os xoves a mesma hora. Un contratempo considerable, sobre todo porque estamos falando de persoas maiores, e xa non digamos que os desprazamentos os teñan que facer en taxi. Daquela, xa non lle compensa a corta de madeira.

Por todo isto, propoño ao Pleno desta Corporación Municipal aprobar a seguinte PROPOSTA:

A Corporación Municipal de Gondomar, solicita da Xunta de Galicia e da Consellaría do Medio Rural e do Mar, a habilitar en Gondomar os días que considere oportunos (mínimo dous días ao mes) o dispositivo necesario para que os permisos de corta de árbores no monte de poidan solicitar no noso Concello, sen ter que obrigar aos nosos veciñ@s a se desprazar a Tomiño ou Porriño.

DELIBERACIÓN:

Sr. Araujo: A segunda moción que eu traio hoxe pois é desas cousas nas que tamén ás veces non reparamos pero que lle afectan aos veciños e ás veciñas de Gondomar. Vostede sabe, e se non o sabe pois xa o lería na moción que cada vez que alguén queira cortar madeira ou un piñeiro ou unha árbore, seica que aínda que sexa nun monte da súa propiedade, pois ten que sacar un permiso na Xunta de Galicia e ten que ir sacalo ou ben a Porriño ou ben a Tomiño, non?, cando nós sabemos que no noso Concello pois o persoal da Xunta que se encarga disto pois podería facelo perfectamente sen esas molestias para a xente de Gondomar, non estamos pedindo que estean todos os días, probablemente cun día ou dous ao mes sobrarían pero en todo caso hai que solicitarllo á Xunta de Galicia para que iso se poña a funcionar e evitalle máis molestias das que xa teñen, e gastos tamén, á veciñanza deste Concello, polo tanto nós o que pedimos nesta moción é que a Corporación Municipal solicite da Xunta de Galicia, da Consellería de Medio Rural, que como mínimo dous días ao mes no Concello, nas instalacións que se considere oportuno, pois o persoal apropiado veña ou poida estar para que se poidan sacar eses permisos de corta de madeira, nada máis.

Sra. Francisco: Respecto desta moción a min paréceme estupendamente porque eu traballo aí e sufro todos os días a xente que vén preguntar, a min non me importa porque estou aí para atender a xente pero si falei cos de Medio Ambiente e díxenlle por favor que polo menos un día a semana que dúas horas estivera unha persoa, díxéronme que si, que ían facelo e estudalo, se non tamén lle propuxen traelo nunha moción, díxéronme que non. Antes había unha persoa que estaba liberada por motivos de enfermidade, estaba rebaixada, entón esa persoa marchouse, esa persoa estaba todos os días dende as 8.00 da mañán ás 2.30 ou as 3.00 e facía un importante servizo pero agora non hai ninguén, entón, bueno, día si, día tamén, unha media de cinco veces, dez veces ao día paran non xulgado e preguntan por isto e a min gustárame pois iso, que se fixera fincapé nisto e que si, por suposto que esta moción nós imos aceptala.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a moción arriba transcrita.

c. Rogos e preguntas

Sr. Ferreira: Brevemente alcalde, son preguntas que xa se lle fixeron no pleno anterior pero que non quedan contestadas unha vez que se len as contestacións a estas entón veu o mes pasado preguntáballe se alguén denunciou o contrato de GESECO, se GESECO denunciara a



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

finalización do contrato, se por parte do Concello se denunciara, ou unha terceira persoa, e vostede non me contesta, simplemente me contesta que a concesionaria que vai entrar vai ser a Deputación e que o novo concesionario será determinado a partir do concurso público, pero non me di se alguén denunciou ou non denunciou o contrato, que é o que lle preguntaba eu, eu quero saber se non hai esa denuncia pois pode haber unha prórroga da contratación e xa non viría nin a Deputación nin outros. Tamén unha pregunta que lle facía eu, a pregunta número 3, interesaba aclarar que unha vez que se dissolve, bueno, se dissolve non, unha vez que os concelleiros que forman o grupo municipal do CDL pasan a outro partido político en que situación quedaban estes, vostede non me di en que situación quedan os concelleiros, dime que o CDL non se dissolve como partido pero non sei se eses dous concelleiros van formar parte ou representan ao CDL ou a Cidadáns ou pasan aos non adscritos, repito, quero saber en que categoría ou en que condicións xurídicas e políticas quedan estes dous concelleiros, que antes eran os que representaban a un grupo político que era o CDL, e non hai máis preguntas. Grazas.

Sra. Francisco: Eu teño un rogo e unha pregunta, un rogo, se se podía aí na ponte que hai na praza hai unha árbore caída, se se podía retirar. E unha pregunta, nas preguntas que fixen no anterior pleno dáseme contestación á finalización da obra da rúa Cruz de Mera, din que o día 15 que remata o tempo. Bueno, eu creo que está bastante verde pero bueno, gustárame saber se non se cumpren os prazos que clase de penalización ten. Grazas.

Sr. Gómez: Boas tardes a todos, a miña pregunta é unha pregunta que tamén a fixera o Sr. Ferreira noutro pleno tamén, como se nos contesta a cada un por escrito por iso a fago eu para que me contesten, vai relacionada, é a miña pregunta, exactamente igual, sobre o contrato de GESECO, se foi denunciado e me contestan que a concesionaria será a Deputación, a miña pregunta era se foi denunciado en tempo e forma o contrato, simplemente quería que me contestaran a iso, nada máis. Moitas grazas.

Sr. Costas: Eu quero facer dous rogos, nada máis, e os meus rogos son os seguintes, un, cando dimite dunha vez por todas por incompetente, si, si, por incompetente, porque isto é unha parafernalia, estes plenos son unha piasada, si, falta, falta, falta, si, si, e os co-participes idem, adem e idem, que se deixen de ameazar, os centros culturais, as asociacións deportivas, que non é culpa nosa, nós non temos a culpa, a culpa é dos que están aí, Sra. Natalia e Sr. Nacho, xa está ben. Nada máis.

Sr. Araujo: Si, imos ver, eu voulle facer algunhas preguntas tamén que son recorrentes pero xa me dirá vostede o que non é recorrente nesta Corporación con este Goberno, hai que insistir e ter moita esperanza. Eu quería preguntarlle que foi do saneamento do barrio da Pedra en Morgadáns, que é a eterna promesa e desgrazadamente cando puido ser desgrazadamente o seu partido encargouse de boicotealo e votalo abaixo. Quería saber tamén, bueno, supoño que leu onte unha carta ao director dunha veciña de Borreiros, non é a primeira vez que tamén falamos deste asunto, e eu creo que estaría ben que pintaran ese paso de peóns paralelo pola estrada de Borreiros-Esfarela ata a Ponte da Ramallosa, polo menos para que os peóns que pasan por alí que estean algo protexidos. Supoño que sabe tamén que o bombeo da Torre, ese que gastaron tantos cartos en arranxalo non hai moito cunha axuda da Xunta de Galicia pois, as noticias que eu teño que volve a estar mal ou que estivo mal sen funcionar. Todos sabemos, e vostede supoño que o saberá tamén como técnico na materia que os bombeos sempre dan problemas, sempre dan problemas e hai que evitalos, ben, eu rógolle ou propóñolle que fagan a xestión para meter as tuberías polo medio do río se é necesario expropiando, polo que eu vin alí na zona probablemente a estas altura igual xa o río lle fixo o traballo e á parte que habería que expropiar porque non deixaban pasar xa a levou o río, probablemente agora se teña que meter a tubería noutra propiedade que seguramente lle deixa pasar, fagan a xestión, esquézanse do bombeo e coloquen a tubería caendo por gravidade que é o que ten que ser. Tamén vólvolle a pedir que na Ponte das Animas, na pasarela de pedra que hai alí a riada





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

deixou alí un monte de malezas, de silvas e demais e ata case impide pasar a xente pola pasarela de madeira pois iso hai que sacalo, xa llo dixen noutro pleno, sigue alí; e por último tamén me gustaría saber en que fase está ou se hai algo avanzado despois da cesión que se fixo da recollida de RSU á Deputación, queríamos saber se hai algo, se a Deputación moveu algo, algunha documentación, se está iso en marcha, se se vai facer cargo realmente a Deputación dese asunto, en fin, queríamos saber como está ese tema porque ou moito me equivoco ou chegará o mes de maio, haberá que de novo volver a prorrogarlle, non sei se legalmente é posible, a GESECO outra vez e en todo caso se hai que prorrogarlle de novo a GESECO pois probablemente aí xa nos cobre a gusto e ao final haberá que volver ao que é a adxudicación pola nosa conta, ben, gustaríanos saber como está esa cuestión. Nada máis. Grazas.

Sr. del Río: Grazas, a primeira pregunta é referida a dación de conta sobre o tema do IBI, e a unha manifestación que fixo a concelleira de Economía e Facenda, cando menos que saíron publicadas na prensa. A primeira pregunta é ¿cómo é posible que un acordo tomado o 21 de outubro se remita á Subdelegación de Catastro e chegue á Subdelegación de Catastro o día 30 do 12. É dicir, aquí aprobouse o 21 do 10 e chegou á Subdelegación do Catastro o día 30 do 12, dous meses, cando nese pleno extraordinario creo que todos os grupos presentes e todas as concelleiras e concelleiros tiñamos claro que era un tema dunha xustiza importante, que era un tema de carga fiscal que había que solucionar evidente, que a data do devengo era 1 de xaneiro, que había que axilizar todo o posible os trámites e os prazos e un acordo plenario, nós pedimos o pleno o día 1 do 10, celebrouse ese pleno o 21 ao cargo dos famosos 15 días preceptivos, o 21, e ata o 30 de decembro non chegou á Subdelegación, por que?, á parte da ineficacia e a ineficiencia, evidentemente, por que?, porque ten que haber unha razón, porque mire, a contestación da Subdelegación chegou o día 7 do 2, é dicir, 1 mes e 1 semana despois de que entrara por rexistro na Subdelegación do Catastro, contestou coa carta que vostedes nos transmitiron a nós, un mes e unha semana, e a pregunta é, que pasaría se este acordo unánime deste Concello chegara, se puxera na Subdelegación do Catastro en tempo e forma e coa urxencia debida, porque o feito desta ineficacia e desta ineficiencia para empezar é que postos xa no ano 2014 e pasada a data do devengo, todos os aquí presentes imos ter pagar IBI nos corresponda ou non. Non entendo moi ben se hai que tomar agora un acordo en Pleno ou están vostedes facultados para das dúas opcións que presenta a Subdelegación do Catastro, optar por unha ou por outra, non o sei, en todo caso, se é cuestión súa, gustaríame que me dixeran se xa optaron por unha decisión e se é unha decisión do pleno, porque non o trouxeron a este pleno porque isto si é un tema importante que urxe, por que?, quen ten a competencia, o Goberno ou o órgano colexiado neste caso que é o Pleno, e se é un ou o outro por que non se actuou, no caso do Goberno, e por que non se trouxo ao Goberno no caso de que fose competencia plenaria, ou é que pensa vostede retrasar isto un ano máis para que na data do devengo do 1 de xaneiro de 2015 sigamos o mesmo e teñamos que volver a pagar un IBI indebidamente. En segundo lugar, se teñen vostede claro que pasou co.... se teñen queixa do Catering dos comedores escolares porque a min chegoume algunha que outra queixa sobre o servizo, gustaríame saber se o Goberno ten algo disto, ou é unha información mal dada que me deron a min ou se hai motivos de orientar este tema doutra maneira. E por outro lado gustaríame preguntarlle ao Sr. Ignacio Troncoso por que, e se é certo, que me permita a osadía de falar polo que leo na prensa pero é inevitable, tamén na prensa di a Sra. Natalia Salgueiro que a decisión do Goberno é instar a repasar todas as parcelas para que estean listas antes do 2015, por iso lle preguntaba, a raíz da interpretación que tivo vostede sobre se próximamente se ía falar na Xunta de voceiros, se tomaron unha decisión por favor díganola e se non que é o que pasa. Bueno, o Sr. Ignacio Troncoso, ou así o recolle na prensa, manifesta que este ano os Centros culturais e deportivos van a ter menos orzamento de gastos polo tema do auditorio e do rexeite, outra vez máis traído en tempo e forma, outra mostra máis da eficacia, competencia, verdade, que ten este Goberno municipal, e na mesma noticia, sorprendentemente di que se atendía a ese tema cunha partida orzamentaria que non se usara, entón, ambas son incompatibles porque se se colleu esa, manifestación do Sr. Troncoso, se



SECRETARIA
(Pontevedra)



C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

esa previsión para dotar a parte do Concello se fixo en base a unha partida excedente ou non empregada, non hai porque recortar aos centros culturais e deportivos, iso é evidente, ambas cousas non casan, ou hai un excedente ou non o hai, ambas dúas por favor que nolo conteste se é posible de forma... E por outro lado quería saber se se solucionou o tema do transporte da parada e da saída e entrada no colexio de Peitieiros co transporte escolar. Grazas.

Sr. Varela: Boa tarde, eu teño dúas preguntas, unha delas que fixen xa no pleno pasado e que está sen contestar, en que estado está o PXOM, gustaríanos que nos contestara a isto, levan case tres anos de goberno, non sabemos nada, incluso pensamos que se pode chegar a perder a subvención que había para facelo; e outra pregunta, por que non facemos os plenos no auditorio, creo que hai pouco se fixo unha obra de teatro e se se fixo unha obra de teatro creo que ben se poderían facer os plenos, este sitio é incómodo para nós e para a xente que asiste, hai que subir escaleiras, estamos todos apretados, penso que se deberían facer alí. Moitas grazas.

Sra. Rodríguez Areal: Boas noites, eu teño un rogo, en primeiro lugar, hai unha tapa na rúa Elduayen, a carón da Caixa Catalana, de Fenosa que está solta ou está mal selada, se levanta e pode tropezar alguén e mancar. Logo, rogaríalle que arranxasen a estrada que vai de Lousado a Belesar que por mor da auga que discorre por ela están as cunetas sen limpar, escarvou na calzada e está chea de fochas; e logo, que se arranxase o muro que está na rúa de Areosa, que caeu parte do muro que sostén a estrada, cando se vai a arranxar ou que se arranxe xa; e logo tamén, xa o fixo o compañeiro Eladio e o compañeiro Pauliño, dicirlle ao Sr. Nacho que non lle vote a culpa á oposición da súa mala xestión ou ineficacia. Grazas.

Sr. García Crego: Boas noites, a miña pregunta vai dirixida a vostede no sentido de que se inste á Deputación ao pintado de todas as rúas que son da súa competencia no Concello posto que é un grave problema de seguridade nestes momentos. Grazas.

Sr. alcalde: Grazas, vou intentar contestar algunhas das preguntas, o tema de GESECO, efectivamente foi denunciado por GESECO o contrato, ocorre que se agora, remata o contrato o día 3 de maio, se non temos o concurso feito por parte da Deputación teremos que, o propio contrato prevé unha prórroga por mor destas circunstancias de 6 meses que sería retirada no momento que estivera resolto o servizo por outra empresa, entón teremos que tirar por esa vía momentaneamente ata que esté resolto o tema da Deputación, entendo que a Deputación como tarde ten que empezar despois do verán se non si teremos que buscar nós outra vía loxicamente. O tema do saneamento da Pedra, estamos pendentes da avaliación ambiental, é curioso pero é así, a propia Augas de Galicia solicita a avaliación ambiental que á súa vez teñen que facer eles que son os que fixeron o proxecto, pero é como está. O bombeo da Torre, estou totalmente de acordo con vostede, foi unha solución provisional, mellorou bastante, moitas veces claro que falla porque ten un caudal inmenso e efectivamente é levalo por gravidade e estamos nisto, xa solicitamos facer un proxecto e agora efectivamente o que nos queda é ter a disposición do terreo. En canto aos arranxos ao carón do río, nalgún caso non os fixemos porque como non paraba de chover non tiñamos claro cando facelos, agora parece que bueno, supoñemos que deixará de chover e iremos por suposto a limpar o que nos di vostede nas pasarelas de madeira, o que nos dicía a Sra. Francisco, etc. Con respecto de como está a recollida de lixo, dicíao o Sr. Araujo, eu o que sei é que a Deputación, que non teño ningunha confirmación oficial a través de ningún escrito, que están traballando para lanzar ese concurso, sei que teñen adheridos uns 22 concellos, nós estamos comentando cada semana para que efectivamente iso se faga así. O tema do IBI, levamos esa carta que nos chegou dende a Subxerencia de Catastro, a levamos á Xunta de Voceiros, non houbo un acordo alí de que facer porque efectivamente o Pleno o que nos di é que solicitemos unha revisión da ponencia de valores, este é o acordo do Pleno e á vista da situación urbanística actual do Concello de Gondomar, e iso, hai unha opción que nos din, que é o que nos di o Pleno, e iso estaría para o 2016, e hai unha segunda opción que é facelo xa pero nunca

SECRETARIA



Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

chegaríamos a facelo porque o devengo é o día 1 de xaneiro, nunca chegaremos a facelo para este ano, iría para ao ano que vén, como non chegamos a un acordo porque non é realmente..., a opción unha é o acordo que di o Pleno, como non chegamos a saber que había que facer pois eu decidín facer outra Xunta unha vez que estivera máis clarexado, e por outra banda, ter claro o terreo que era urbano e pasou a rústico, e o terreo que era rústico e pasou a urbano, entón, iso, teño preparado un documento que o presentarei na próxima Xunta de Voceiros para tomar unha decisión e tiraremos para diante, non sei se a decisión é do Pleno, agora mesmo non o sei, consultareino coa secretaria, se algo que ten que determinar o Pleno ou ten que determinala Alcaldía. Efectivamente houbo certas queixas do catering dos comedores escolares, ata o de agora fóronse arranxando todas, e espero que se sigan arranxando.

Sr. del Río: Simplemente era para puntualizar, non é certo que o acordo plenario que se tomara fora a revisión da ponencia de valores, e vou a ler o acordo textualmente se mo permite: *O Pleno da Corporación municipal, punto número 1, acorda solicitar da Dirección Xeral do Catastro a revisión catastral do Concello de Gondomar co obxecto de adaptalo á realidade urbanística actual derivada da anulación do PXOM do ano 2005 por sentenza firme*, non fala da ponencia de valores, fala de adaptar á realidade ao Catastro, e desa forma pódese facer como moi ben di a Subdelegación de dúas formas, unha alterando a ponencia de valores, ímonos ao 2016, outra revisando de oficio e cumprimindo cada un co que marca a lei, iríamonos ao 2015, polo tanto non é certo que nós aprobáramos unha ponencia de valores. Grazas.

Sr. alcalde: Grazas, eu entendo precisamente que o acordo plenario é a opción 1 que nos di a Subxerencia de Catastro, e non a opción 2, e así o formulei na Xunta de Voceiros, pero bueno, volvermos a facer a Xunta e tomaremos unha decisión, non obstante, con respecto ao punto 2, xa se traballou, xa se enviaron planos ao Catastro, etc., é dicir, non a opción 2, xa lle enviamos planos a Catastro avanzando pero sen tomar ningunha decisión ao respecto, nin por unha opción nin pola outra a día de hoxe.

Sr. del Río: abusando da súa magnanimidade, imos ver, gustaríame, falando do Catastro, se vostedes solicitaron os parcelarios que había do PXOM do 97, se solicitaron vostedes os parcelarios a Catastro, porque iso facilitaría e moito o traballo para topa determinadas fincas aos veciños e veciñas, parece ser que se acercan a Urbanismo, falan desta parcelación, din que o Concello non ten estes planos de parcelación, polo tanto, se é certo que non os teñen, se os teñen está ben que o digan, que o poñan na páxina web ou o que sexa e se non os teñen estaría ben que se solicitaran ao Catastro para facilitar o traballo de busca das fincas aos veciños e veciñas. Grazas.

Sr. alcalde: Grazas, o que lle enviamos a Catastro foron os planos dos núcleos considerando á área de tolerancia, iso xa lle enviamos a Catastro nun formato que eles pedían, preparáronnolo en Urbanismo, xa lle enviamos, coas reservas que iso ten porque son planos, claro, non son feitos coa tecnoloxía actual, bueno, etc., pero bueno, iso xa se enviou, polo tanto en calquera caso sempre poderá haber algún tipo de erro pero bueno, haberá que subsanalo sobre a marcha por este problema tecnolóxico, pero iso xa se fixo, o que vostede me di, non. Estado do PXOM, xa o expliquei en varias ocasións, que estábamos revisando todos os núcleos e bueno, estamos a espera de que chegue, non sei se xa chegou o PXOM con esa revisión de núcleos, pensábamos comentala na Xunta de Voceiros, pensaba comentar, explicar, como está o plan, se chegou a entregalo, etc., nesa Xunta de Voceiros, terá vostede (non se entende a emisión do arquivo de audio) a partir dese momento. Os plenos do auditorio, entendo que máis que unha pregunta é un rogo, claro, hai certos actos que claro, inda que están en obras, pois bueno, párase a obra, límpase todo, e imos alí e fan o acto, claro, hai algúns actos que xa estaban programados e é complicado por parte de Cultura non facelos ental, pero claro, de aí logo deixamos que siga a obra, sempre é unha molestia que nós vamos alí, agora teremos que aguantarnos poucas veces, (non se entende o audio). Tomamos conta dos seus rogos e





Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

estou de acordo con vostede en que o pintado das estradas da Deputación está feito un desastre, xa está solicitado, polo menos verbalmente pero solicitaremos por escrito para que repinten as estradas porque efectivamente nin se ven.

E non habendo máis temas que tratar, ás 21 horas e 5 minutos do día 3 de abril, o Sr. alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que o mesmo asino, de todo o que eu como secretaria dou fe.

